



A Festa da Troita chega este ano ao seu dezanove aniversario. Un número “aparentemente feo”, sobre todo se temos en conta que se atopa xusto no medio doutros tan emblemáticos como o dezaioito, que marca a maioría de idade, e o vinte, que vén sendo un número moito máis redondo. Pero quen pense que a Troita de Oroso se vai agachar neste 2015 tras dun penedo á espera de correntes máis rápidas é que non coñece nin á nosa troita nin aos orosáns e orosás.

O que comezou sendo o acompañamento dun concurso de pesca tense convertido, a base de moito traballo e esforzo, nun dos referentes festeiros e gastronómicos da nosa comunidade. Non en van estamos falando da primeira Festa de Interese Turístico da comarca de Ordes e, durante moitos anos, a única festa que gozou desta distinción na nosa contorna. E iso é así porque soubemos reinventarnos ano tras ano. Coller as cousas que tiñan éxito e avanzar sobre elas, ao tempo que incorporamos cousas novas. Así conseguimos elaborar este programa que tes na túa man, que inclúe actividades para todos os gustos e idades.

Un programa que inclúe máis música ca nunca. O “Festival Oroso en vivo” traeranos todas as noites ás mellores orquestras de Galicia: Combo Dominicano, Esencia, París de Noia, Fania, Panorama, Bahía Blanca... Ademais das tradicionais charangas, este ano ampliaremos o número de pasarrúas, grazas aos acordos de colaboración asinados coas distintas entidades culturais de Oroso: Lembranzas do Tambre, Buxos Verdes, Néboas no Cumio, Amigos do Acordeón... Outra novidade será a recuperación dunha antiga actividade: o Arte na Rúa. Se o tempo nos acompaña, un grupo de artistas locais e portugueses amosarán a todos os visitantes como é o proceso de creación dunha obra de arte. Un xeito ameno e educativo de sacar o arte dos salóns de exposicións.

Canda elas estarán actividades xa consolidadas como o concurso de pesca, a feira da Artesanía e os Oficios, o obradoiro de bailes, que este ano incluírá un concerto de rap con Versos & Dramas, a concentración de coches clásicos, os xogos tradicionais de Garabato de Xogos ou as obradoiros e actividades de circo para os máis pequenos. E todo sen esquecer á protagonistas da nosa festa, que será degustada tanto na alameda de Góis como nos distintos establecementos hostaleiros colaboradores. Porque Troita coma a de Sigüeiro, non a hai no mundo enteiro.

De feito, hai un vello dito de pescadores que ben se podería aplicar á troita de Oroso: “Deus puido, sen dúbida, facer un animal máis fermoso que a troita. Pero, tamén sen dúbida, non o fixo Deus xañais”. E estes dezanove anos que levamos celebrando a Festa da Troita son boa proba disto, pese a ser un número “aparentemente feo”.

Agardámosche do 8 ao 10 de maio na Festa da Troita.

Manuel Mirás
Alcalde de Oroso.

OROSO
para vivir

ORGANIZA:

CONCELLO D
OROSO
www.concellooroso.com

COLABORAN:

XUNTA
DE GALICIA

Deputación
DA CORUÑA

FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA

sigüeiro - oroso

XIX FESTA
DA TROITA

DECLARADA DE
INTERESE TURÍSTICO

20
15

OROSO
para vivir



8, 9 e 10 de maio 2015
sigüeiro - oroso



XIX FESTA DA TROITA **2015**

Programa

VENRES 8 DE MAIO

20:30h Exposición Arte Amizade Galego-Portuguesa

Lugar: Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa

22:30h Festival Oroso en vivo

ORQUESTRA PARÍS DE NOIA
ORQUESTRA FANIA

Lugar: Alameda de Góis

SÁBADO 9 DE MAIO

09:00 a 13:00h Campionato de pesca de adultos

11:00 a 14:00h Arte na rúa

Lugar: Praza de Isaac Díaz Pardo

11:30 a 21:00h Exposición Arte Amizade Galego-Portuguesa

Lugar: Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa

11:30 a 21:30h Feira de artesanía e oficios

Lugar: Praza de Isaac Díaz Pardo

16:00 a 20:00h Campionato de pesca de adultos

17:00 a 21:00h Arte na rúa

Lugar: Praza de Isaac Díaz Pardo

19:00h Pasacalles da A.F. Lembranzas do Tambre

19:00h Obradoiro de bailes: Country e baile moderno

FOLC: A.F. LEMBRANZAS DO TAMBRE
A.C. NÉBOAS NO CUMIO

Lugar: Praza de Isaac Díaz Pardo

22:30h Festival Oroso en vivo

ORQUESTRA PANORAMA
ORQUESTRA ESENCIA

Lugar: Alameda de Góis

DOMINGO 10 DE MAIO

09:30 a 13:00h Campionato de pesca infantil

10:30h Pasacalles

CHARANGA N.B.A.

11:30 a 13:30h Xogos populares

Lugar: Praza de Isaac Díaz Pardo e arredores

11:30 a 20:30h Exposición Arte Amizade Galego-Portuguesa

Lugar: Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa

11:30 a 20:00h Concentración de coches clásicos e antigos

Lugar: Arredores da Praza de Isaac Díaz Pardo

11:30 a 21:30h Feira de artesanía e oficios

Lugar: Praza de Isaac Díaz Pardo

12:00h Pasacalles e baile

"A. F. BUXOS VERDES"
Lugar: Alameda de Góis e arredores

12:30h Degustación de troitas en bares colaboradores e na Alameda de Góis

PASACALLES: CHARANGA N.B.A.
Lugar: Alameda de Góis

13:30h Pregón: Fran Rey e Pedro Brandariz (O gordo e o calvo do Luar)

ENTREGA DE PREMIOS E TROFEOS DO CAMPIONATO DE PESCA
Lugar: Alameda de Góis

14:15h Sesión vermú

ORQUESTRA BAHÍA BLANCA
Lugar: Alameda de Góis

14:30h Xantar popular

16:30h Pasacalles e charangas

CHARANGA N.B.A.
AMIGOS DO ACORDEÓN

16:00h Feira de artesanía e oficios

Lugar: Praza de Isaac Díaz Pardo

17:30 a 19:30h Xogos populares

Lugar: Praza de Isaac Díaz Pardo e arredores

19:30h Verbena

ORQUESTRA BAHÍA BLANCA
COMBO DOMINICANO
Lugar: Alameda de Góis

BARES PARTICIPANTES TROITA 2015:

SIGÜEIRO

ADEGA O RIBEIRO
BAR BOQUETE
BAR CORTÉS
BAR D'ANA
BAR O CAMPO
BAR SIGÜEIRO
BAR TAPAS
BAR XQ NO?
BODEGÓN CEBRÁS
CAFÉ BAR D'MARÍA
CAFÉ BAR ÉBANO
CAFÉ BAR SIGÜ
CAFÉ BAR VENECIA
CAFÉ BAR XARDÍN
CAFETERÍA CHE
CERVECERÍA 1900
MESÓN A TRABE
MESÓN TAMBRE
O CAFÉ DE MANUELA
RESTAURANTE BALASAR
RESTAURANTE MIRÁS
TAPERÍA O MARTÁN

PARROQUIAS

BAR A FALMEGA
BAR A RUTA
BAR BOQUETE
BAR FERNÁNDEZ
BAR GOROS
BAR LIÑARES
BAR O CAZADOR
BAR O ZAPATEIRO
CAFÉ BAR 1X2
MESÓN OS MADEIROS
PARRILLADA O CACHOPAL
RESTAURANTE A CANTINA
RESTAURANTE LAR BLANCO
RESTAURANTE O NOSO MESÓN
RESTAURANTE OS MARIÑOS
VINOTECA RAQUEL

EN CASO DE MAL TEMPO AS PROGRAMACIONES INFANTIS E O FESTIVAL FOLCLORICO TRASLADARANSE A CARPA NA ALAMEDA DE GÓIS